



Xefatura Territorial da Coruña  
Vicepresidencia segunda e Consellería de  
Economía, Empresa e Innovación  
Servizo de Enerxía e Minas  
Edificio Administrativo de Monelos, Rúa Vicente  
Ferrer 2, 1º e 2º andar  
15071 A Coruña

Expediente IET: P-20-096  
Proxecto: Parque eólico Penas Boas  
Concellos: Aranga e Oza-Cesuras (A Coruña)  
Promotor: Greenalia Wind Power, S.L.

Por medio dun oficio de data 21/04/2022 o Servizo de Enerxía e Minas da Coruña da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación remite ao Instituto de Estudos do Territorio (IET) un escrito relativo ao proxecto do Parque eólico Penas Boas.

Con data do 03/04/2020 o IET emitiu un informe sobre este proxecto no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Posteriormente, con data do 31/05/2021, o IET emitiu un informe de impacto e integración paisaxística no que se indicaba que o proxecto debía adaptarse ás Directrices de paisaxe, e para tal fin, o estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) tiña que completarse cos seguintes contidos:

- Dada a importancia dos efectos sinérxicos que se poden producir na contorna pola acumulación de infraestruturas eólicas, deberase completar o estudo da sinerxía determinando, ademais da superficie visible dos outros proxectos próximos en tramitación, xa efectuada no EIIP, o número de aeroxeradores que resultarán visibles dende os puntos de observación considerados, e en base aos resultados procurar no propio deseño do parque o número e distribución espacial das máquinas que xeren un menor impacto visual na contorna.
- De acordo co disposto no artigo 11.2d da Lei 7/2008 e no artigo 27.d do Regulamento da Lei 7/2008, debe xustificarse como se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística e as determinacións das directrices de paisaxe para as unidades de paisaxe afectadas, de acordo co que para tal efecto dispón o apartado 4.1 "Disposicións de carácter xeral" das Directrices de paisaxe de Galicia.
- De acordo coa directriz de paisaxe DX.17 a.4, debe evitarse a afección aos afloramentos rochosos, en particular os que existen nas localizacións dos aeroxeradores AE-2 e AE-3, no monte de Marco do Castelo. Para tal fin, deberase estudar alternativas de deseño ou localización das infraestruturas asociadas a estas máquinas (zona de acopio de palas, plataformas de montaxe, etc.) que provoquen un menor impacto aos elementos mencionados.
- No que atinxe á tipoloxía e características estéticas do edificio do centro de seccionamento e control, deberanse respectar as directrices de paisaxe DX.17 e DX.20.m. Así mesmo, de non se manter as plantacións forestais existentes no lugar previsto para o edificio, e ser necesario, dispórase no seu perímetro unha pantalla



vexetal realizada con especies autóctonas, de acordo coas directrices de paisaxe DX.20.i e DX.20.o.

A documentación que o Servicio de Enerxía e Minas da Coruña achega ao IET é un escrito de resposta da empresa promotora (con data do 29/06/2021) ao informe do IET do 31/05/2021 no que se manifesta a aceptación do contido do mencionado informe e que incluírá na documentación técnica refundida o indicado no documento.

Por conseguinte, non se formulan obxeccións ao exposto no escrito de resposta. En todo caso, o EIIP emendado coas consideracións sinaladas deberá someterse de novo a informe do IET.

José Antonio Serantes Barbeito  
Director do Departamento Técnico de Estudos

(Na data da sinatura electrónica)

